



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2023/G003/000136

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACION LISTA DEFINITIVA, TRIBUNAL E CONVOCATORIA PROBAS_PEONS_PROGRAMA PEL CONCELLOS 2023

EXPEDIENTE:2023/G003/000136

ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Por Decreto da Alcaldía núm. 103/2023, do 30 de marzo de 2023, aprobaranse as bases e convocouse proceso selectivo para a contratación de dous peóns, para a realización de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Mesía ao abeiro da subvención Programa PEL CONCELLOS 2023 da Deputación da Coruña, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral. A convocatoria publicouse no BOP núm. 64, de data 3 de abril de 2023, e publicáronse a dita convocatoria e as bases na páxina web e no taboleiro de edictos do concello.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria, publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos outorgando un prazo de dous días hábiles para subsanacións de deficiencias e/ou reclamacións segundo o sinalado na base sexta da convocatoria.

Rematado o dito prazo sen que se presentara ningunha subsanación e/ou reclamación á dita relación provisional.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para participar no proceso de selección de dous peóns segundo se sinala a continuación:

1.- Admitidos:

DNI	APELIDOS E NOME	CELGA
1620*	Fernández Candal, Javier	Si
3578*	Mira Bao, Víctor Angel	Non

2.- Excluídos/as: -



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2023/G003/000136

SEGUNDO.- Nomear ás persoas que se indican de seguido como membros do tribunal cualificador do proceso selectivo:

Presidente.

Don Ramiro Rama Figueira, funcionario do Concello de Ordes ou persoa que o substitúa.

Vogais:

1. Don Luís González Guerra, persoal fixo do Concello de Boimorto ou persoa que o substitúa.
2. Don Jaime Mata Sesmonde, funcionario do Concello de Mesía ou persoa que o substitúa.
3. Dona Inés Sánchez del Río, funcionaria do Concello de Mesía ou persoa que o substitúa.

Secretario, con voz e sen voto:

Don Eladio Bendaña Pardo, Secretario-Interventor do Concello de Mesía ou persoa que o substitúa.

TERCEIRO: Convocar ao aspirante que non acreditou o celga e aos membros do tribunal cualificador para a realización da proba oral de lingua galega o día 20.04.2023, ás 09.00 horas, na Casa Consistorial sita na parroquia de Xanceda.

CUARTO.- Convocar a todos os aspirantes e aos membros do tribunal cualificador para a realización da proba práctica que terá lugar ese mesmo día, 20.04.2023, ás 09.20 horas, no almacén municipal sito no lugar de A Igrexa, parroquia de Boado.

QUINTO.- Publicar a presente resolución na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

Mesía, luns 17 de abril de 2023

O Alcalde /Presidente

Mariano Iglesias Castro